

### **TEMA 3. FERRAMENTAS, RECURSOS E ESTRATEXIAS (parte 3)**

#### **MEDIOS TÉCNICOS**

Nesta última parte falaremos brevemente sobre os medios técnicos necesarios máis comúns:

- equipo de gravación de vídeo
- construción dun “lightboard” ou tableiro de luz

#### **EQUIPO DE GRAVACIÓN DE VÍDEO**

Na actualidade estamos todos afeitos a que cos nosos dispositivos móbiles sempre levamos unha cámara de vídeo, de bastante boa calidade dependendo do dispositivo, con nós.

Poderíamos facer pezas audiovisuais de aula invertida co noso móbil? Si. É o recomendable? Non. Por varias razóns:

- Non ten boa calidade de gravación de son
- Non ten boa capacidade para acercar ou afastar a imaxe (zoom)
- Non ten a capacidade de poderse instalar nun trípode convencional

Por isto recomendamos o emprego de cámaras de vídeo convencionais xa que ca meirande delas cumprimos as tres regras que expresamos anteriormente. Afortunadamente co auxe dos móbiles de alta gama podemos atopar cámaras cunha calidade de gravación moi superior á de un teléfono por moito menos custo que un deses móbiles. Ao redor duns 200 € podemos atopar cámaras perfectas para o noso traballo das marcas máis recomendable como Sony, Panasonic, Canon, etc (nota: desde esta formación non recomendamos ningunha marca en concreto. Son só orientacións)



### **Tipo de cámara recomendado**

Outro punto a ter en conta cando falamos de equipos de gravación de vídeo é a iluminación. Non debemos esquecer que calquera dispositivo de vídeo ou fotografía funciona basicamente capturando luz, polo que é preciso ter a cantidade axeitada, nin pouca nin demasiada. Cando temos demasiada a cámara, manual ou automaticamente, pode regularse para compensar, pero cando temos pouca luz o resultado final será unha imaxe pobre, escura e de pouca calidade.

Afortunadamente nos últimos anos a iluminación led chegou a todos os recunchos abaratándose moito polo que na actualidade temos opcións de lámpadas led para gravación de vídeo cunha gran potencia, capacidade para regular a intensidade, moi longa duración das baterías e moi pouco peso ao redor dos 30 euros. Tan só temos que situar nin trípode convencional de fotografía ou vídeo e estaría lista para traballar. Na actualidade un equipo como o da fotografía seguinte non chega os 80 €.



## CONSTRUCCIÓN DUN “LIGHTBOARD” ou “TABOLEIRO DE LUZ”

Na parte anterior do tema falabamos brevemente dos taboleiros de luz. Están empezando a empregarse tanto nas sesións presenciais de aula como nas gravacións de pezas audiovisuais para aula invertida ou formación a distancia.

Diciamos tamén que o seu prezo actualmente é moi elevado, como podedes ver na imaxe inferior. Tendo ademais en conta que ese modelo que amosamos é o máis básico de todos.

### LGS33G Table Top Lightboard



Our 33" compact table-top lightboard can be set up on any horizontal surface in a matter of minutes. Its light-weight, all-in-one design is easily transported for off-site presentations or recording. Markers and cleaning kit included. Specs: 31" x 19" x 1.5" (79cm x 48cm x 4cm), 10lbs (4.5kg)

**Price: ~~\$2,990.00~~ \$2,290.00**

Ships in 1-2 days.

Call (855) 529-3274

or

[CONTACT US](#)

1

[ADD TO CART](#)

Como vedes na imaxe, o taboleiro de luz é unha superficie de vidro transparente que leva no seu marco iluminación led. Isto fai que ao escribir sobre el con rotuladores de xiz líquida de neon resalta incrivelmente o que poñemos no taboleiro.

Este alto prezo fai que na Internet atopemos diversos “tutoriais” sobre como construír “lightboards” de xeito manual e a moi baixo custo. Podemos atopar xeitos máis complexos e case profesionais ata modos máis básicos. Todos comparten os mesmos materiais básicos:

- Un marco para fotografías grande e de vidro transparente para empregarse como taboleiros

- Tiras de led das que se poden atopar actualmente en calquera centro comercial.

Estes dous elementos son a base fundamental de todos estes taboleiros artesanais. Aportamos aquí dúas ligazóns interesantes.

Nesta primeira ligazón: [https://flippedlearning.org/how\\_to/how-to-make-a-lightboard-for-less-than-100/](https://flippedlearning.org/how_to/how-to-make-a-lightboard-for-less-than-100/) explicase paso a pasa como construír un “lightboard” totalmente funcional por menos de 100 dólares. (atoparédolo en inglés pero podese traducir a galego con Google Translate).

Nesta outra ligazón Jon Bergmann, un dos pioneiros na “auto-construción” de taboleiros de luz explícanos como está construído o seu e tamén aporta algúns consellos fundamentais á hora de gravar e editar os vídeos.

<https://youtu.be/wNnsU1e8uoM>